

# VAITES, RAPARIGA!



NARRACIÓN ORAL + MÚSICA AO VIVO

## SINOPSE

Non é preciso darlle moitas voltas: **'Vaites, rapariga!'** é un western. Deses do Salvaxe Oeste. Salvaxe, pero non lonxano, ollo. Porque Carmen 'Lingua Afiada' Conde e Su Garrido 'Guitarra Lenta' Pombo únense para traernos **as historias e as melodías** do noso Noroeste. Onde as paisaxes galegas, as súas personaxes, o seu xeito de buscarse a vida, de enfrontarse aos conflitos e de explorar novas posibilidades teñen un “aque!” coas pelis de vaqueiros. Unha contada ao galope entre o Salvaxe Oeste americano e o Feroz Noroeste galego. Con toques de **humor negro, surrealismo, emotividade e certo aire explosivo.**

Tres historias: unha **heroína** que lidera a resistencia dos nativos chairegos. Un **home delirante** que marcha do Canón do Sil ao Canón do Colorado. O **foraxido** con máis chiripa de toda a costa oeste, de corazón grande e mans pequenas, que “a caga” xusto no último momento. Todo aderezado pola banda sonora a base de **voz, pandeireta, sacho, guitarra ou loop.**

## FICHA TÉCNICA

**Título:** *Vaites, rapariga!*

**Idioma:** galego.

**Duración:** 85 min. aprox.

**Espazo:** interior ou exterior.

**Público:** Adulto (+16).

**Autoría e narración oral:** Carmen Conde.

**Composición e música ao vivo:** Su Garrido Pombo.

**Iluminación:** Diego Gallego.

**Son:** Ezequiel Orol.

**Escenografía:** Bieito Inc. e Pía Piadosa.

**Producción e distribución:** Tarabela Creativa.

